



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Decembro 2020**

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2021

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Decembro 2020


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia unha caída do 8,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 6,2 puntos superior á do mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 8,7%, taxa 3,9 puntos superior á do mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 11,2% e nos Outros servizos o 0,4%.
- No ano 2020, o indicador diminúe un 13,6% en Galicia, dous puntos menos que en España. En todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos rexistra un descenso do 3,3% en Galicia e do 4,9% en España respecto do mesmo mes do ano anterior.
- Na media do ano 2020, o persoal ocupado diminúe un 3,5% en Galicia e un 4,3% en España. Todas as comunidades autónomas perden persoal ocupado.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un descenso do 8,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 6,2 puntos á do mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 8,7%, rexistro 3,9 puntos superior ao do mes anterior.



O descenso da cifra de negocios en Galicia débese principalmente ao *Comercio*, que cun descenso do 11,2%, resta 8,5 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 0,4% e restan 0,1 puntos á taxa de variación do índice xeral. En España a facturación no *Comercio* diminúe o 5,2% e nos *Outros servizos* o 15,2%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe a súa facturación o 17,4%, co que resta 9,1 puntos á taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 17,1% e o *Comercio ao retalho* mantense estable, 0,0%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 7,1%, a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 5,4% e o *Comercio ao retalho* o 1,5%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 0,4%. As maiores caídas rexístranse na *Hostalería*, -56,8%, co que resta 2,2 puntos á taxa de variación do índice xeral, e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, -16,6%, co que restan 0,5 puntos. En senso contrario, o *Transporte* rexistra o maior incremento, 19,7%, e achega 1,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* incrementan a súa facturación un 16,9% e achegan 0,7 puntos.

En España, os *Outros servizos* diminúen o 15,2%. Todos os sectores rexistran taxas negativas, producíndose as maiores caídas en *Hostalería* (-52,9%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-24,2%).

No conxunto do ano, o índice xeral diminúe un 13,6% en Galicia e un 15,6% no conxunto do Estado. O *Comercio* diminúe un 15,6% en Galicia e un 11,9% en España. Nos *Outros servizos* redúcese a facturación en Galicia un 7,5% e en España un 22,2%.

*Hostalería e Actividades administrativas e servizos auxiliares* son os sectores con maiores caídas, en media, no ano tanto en Galicia como no conxunto de España. A cifra de negocio na *Hostalería* redúcese un 47,9% en Galicia e un 51,4% no conxunto de España. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* rexistran taxas de -30,3% e -30,6% respectivamente.

En senso contrario, *Transporte e Información e comunicacións* incrementan a súa facturación en Galicia no ano 2020, 12,0% e 1,0% respectivamente. No conxunto de España, todos os sectores rexistran taxas negativas na media do ano.

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 11,1% no mes de decembro. O sector que máis contribúe a este descenso é a *Hostalería* que, cunha taxa do -56,8%, resta 12,7 puntos.

Dous sectores rexistran taxas positivas: *Transporte* (14,6%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (17,3%).


Na media do ano, o índice diminúe un 15,7%. A maior caída dáse na *Hostalería* (-47,8%).

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 10,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 12,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de decembro en todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

As maiores caídas rexístranse en Canarias (-27,0%) e Illes Balears (-23,8%) mentres que os menores descensos prodúcense en Murcia (-0,5%) e Castilla-La Mancha (-1,3%).

No ano 2020, as maiores caídas prodúcense en Illes Balears (-37,8%) e Canarias (-29,9%). Os menores descensos rexístranse en Murcia (-2,4%) e Extremadura (-5,5%).

## Índices de cifra de negocios. Decembro 2020

### Taxa de variación en %




## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado diminúe en Galicia un 3,3% respecto ao mes de decembro de 2019, 1,6 puntos menos que en España (-4,9%).

A ocupación diminúe un 1,8% no *Comercio* e un 4,5% nos *Outros servizos*. En España o persoal ocupado diminúe no *Comercio* un 2,8% e nos *Outros servizos* un 6,2%. A maior caída rexístrase na *Hostalería*, cunha taxa de -18,0% en Galicia e de -17,1% en España.

No ano 2020, o persoal ocupado redúcese un 3,5% en Galicia e un 4,3% no conxunto do Estado. A maior perda de emprego rexístrase na *Hostalería*, con taxas de -13,5% en Galicia e -13,3% en España.



## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


En todas as comunidades autónomas diminúe o emprego no sector servizos no mes de decembro con respecto ao mesmo mes do ano 2019.

Os maiores descenso danse en Canarias (-10,9%) e Illes Balears (-10,6%). As comunidades onde menos cae a ocupación son Castilla-La Mancha (-2,7%) e Murcia e Galicia (ambas -3,3%).

Na media do ano, o maior descenso dáse en Illes Balears (-14,7%) mentres que Murcia é a comunidade con menor perda de emprego (-1,6%).

## Índices de persoal ocupado. Decembro 2020

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Decembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2020
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>125,2</b>	<b>-8,6</b>	<b>-13,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>123,3</b>	<b>-11,2</b>	<b>-15,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	118,9	17,1	-13,0
Comercio por xunto	120,6	-17,4	-19,7
Comercio ao retalho	130,6	0,0	-3,7
<b>Outros servizos</b>	<b>130,6</b>	<b>-0,4</b>	<b>-7,5</b>
Transporte	159,7	19,7	12,0
Hostalería	50,4	-56,8	-47,9
Información e comunicacións	129,4	-0,8	1,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	165,3	16,9	-0,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,2	-16,6	-30,3
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>119,3</b>	<b>-8,7</b>	<b>-15,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>124,6</b>	<b>-5,2</b>	<b>-11,9</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	129,1	-5,4	-19,4
Comercio por xunto	121,3	-7,1	-12,5
Comercio ao retalho	128,7	-1,5	-7,9
<b>Outros servizos</b>	<b>109,7</b>	<b>-15,2</b>	<b>-22,2</b>
Transporte	105,5	-10,5	-19,2
Hostalería	52,2	-52,9	-51,4
Información e comunicacións	124,3	-5,7	-8,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	161,8	-1,4	-10,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	92,3	-24,2	-30,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Decembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2020
<b>Galicia</b>			
Xeral	118,2	-11,1	-15,7
Comercio	126,2	-6,0	-12,8
Transporte	169,2	14,6	6,5
Hostalería	51,5	-56,8	-47,8
Información e comunicacións	128,9	-0,6	2,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	158,9	17,3	0,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	134,3	-4,4	-13,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
 Decembro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	MEDIA AÑO 2020
<b>ESPAÑA</b>	<b>119,3</b>	<b>-8,7</b>	<b>-15,6</b>
Andalucía	118,4	-7,5	-13,5
Aragón	122,2	-4,0	-11,1
Asturias	117,6	-10,2	-12,3
Balears, Illes	74,4	-23,8	-37,8
Canarias	97,5	-27,0	-29,9
Cantabria	129,0	-4,4	-11,3
Castilla y León	120,8	-3,5	-10,5
Castilla-La Mancha	128,8	-1,3	-9,7
Cataluña	114,0	-6,8	-15,6
Comunitat Valenciana	125,8	-3,3	-11,0
Extremadura	131,6	-2,6	-5,5
<b>GALICIA</b>	<b>125,2</b>	<b>-8,6</b>	<b>-13,6</b>
Madrid	124,4	-11,8	-18,3
Murcia	128,0	-0,5	-2,4
Navarra	123,0	-3,5	-10,2
País Vasco	122,3	-5,4	-12,4
Rioja, La	126,6	-2,2	-9,6

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Decembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2020
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>104,8</b>	<b>-3,3</b>	<b>-3,5</b>
<b>Comercio</b>	<b>107,7</b>	<b>-1,8</b>	<b>-1,0</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	96,2	-3,7	-2,9
Comercio por xunto	121,3	0,2	0,3
Comercio ao retallo	102,3	-2,7	-1,4
<b>Outros servizos</b>	<b>102,5</b>	<b>-4,5</b>	<b>-5,4</b>
Transporte	103,5	-2,0	-3,8
Hostalería	84,8	-18,0	-13,5
Información e comunicacións	111,2	2,5	1,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,2	0,0	-0,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,9	3,5	-2,9
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>103,6</b>	<b>-4,9</b>	<b>-4,3</b>
<b>Comercio</b>	<b>105,5</b>	<b>-2,8</b>	<b>-1,9</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	103,3	-3,8	-2,9
Comercio por xunto	110,5	-1,3	-1,0
Comercio ao retallo	102,8	-3,7	-2,4
<b>Outros servizos</b>	<b>102,3</b>	<b>-6,2</b>	<b>-5,8</b>
Transporte	106,4	-2,7	-3,0
Hostalería	85,3	-17,1	-13,3
Información e comunicacións	110,4	-0,5	-0,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,6	-2,1	-1,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,7	-3,0	-5,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.**  
**Decembro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2020
<b>ESPAÑA</b>	<b>103,6</b>	<b>-4,9</b>	<b>-4,3</b>
Andalucía	101,1	-5,7	-4,9
Aragón	105,9	-4,3	-3,7
Asturias	101,4	-4,3	-3,1
Baleares, Illes	84,0	-10,6	-14,7
Canarias	98,3	-10,9	-7,5
Cantabria	102,3	-6,3	-4,8
Castilla y León	100,6	-4,8	-4,0
Castilla-La Mancha	105,0	-2,7	-3,0
Cataluña	104,6	-4,7	-4,3
Comunitat Valenciana	108,6	-3,8	-3,4
Extremadura	102,1	-3,9	-3,8
<b>GALICIA</b>	<b>104,8</b>	<b>-3,3</b>	<b>-3,5</b>
Madrid	105,4	-4,2	-3,4
Murcia	108,4	-3,3	-1,6
Navarra	104,0	-5,4	-4,8
País Vasco	103,3	-3,7	-3,2
Rioja, La	105,8	-3,4	-3,5

Fonte: INE